

la voz de la escuela

21 DE FEBREIRO

Día da Lingua Materna

O obxectivo do 2007 é o estudo da relación entre o idioma propio e o plurilingüismo

Presentamos unha serie de datos que poden crear un ambiente escrito con diversas tiras de texto pegadas por toda a clase, centradas ao redor do cartel que editou a Unesco para este Día Internacional da Lingua Materna:

1. As linguas desempeñan un papel de integración fundamental na escola, nos medios, no traballo, na vida política e na Administración.

2. Con todo, miles de idiomas seguen ausentes destes ámbitos e máis do 50% das linguas do mundo corren perigo de desaparecer.

3. A Unesco ten por misión obrar, a partir dun marco normativo complexo, en favor do plurilingüismo.

4. As linguas non só son instrumentos sumamente propicios para a comunicación, senón que reflicten tamén unha determinada percepción do mundo.

5. As linguas son o vehículo de sistemas de valores e expresións culturais, e constitúen un factor determinante da identidade de grupos e individuos.

6. Máis do 50% das 6.000 linguas do mundo corren perigo de desaparecer.

7. Un 96% das 6.000 linguas que hai no mundo son faladas polo 4% da poboación mundial.

8. O 90% das linguas do mundo non están representadas en Internet.

9. Cada dúas semanas desaparece unha lingua no mundo.

10. O 80 % das linguas africanas carecen de transcripción escrita.

Atlas interactivo

Logo de dúas versións en papel do atlas interactivo das linguas do mundo en perigo de desaparición (1996 e 2001), a información amoreada está agora dispoñible en liña, comezando por un mapa do continente africano. O atlas en liña ten por obxectivo chegar a un amplo público, facer tomar conciencia da fráxil diversidade lingüística no mundo, promover o multilingüismo en Internet e axudar ás persoas que falan linguas en perigo a preservalas.

> <http://www.unesco.org/webworld/babel/atlas>

Sobre estas liñas, cartel da Unesco da conmemoración, hoxe, do Día Internacional da Lingua Materna e, á dereita, un monxe budista ensina a lingua tribal a un novizo nun templo do norte de Tailandia



> ACTIVIDADES

■ Ofrecechas a revista da Unesco

«O Mensaxeiro do patrimonio inmaterial». No número especial de setembro do 2006 atoparás en castelán un interesante estudo, que poderás baixar en PDF, sobre as linguas en perigo.

■ No artigo sobre cuestións lingüísticas fala de cando naceron as linguas. ¿Sabes onde?

■ Un artigo para o debate: ¿ténense que salvar todas as linguas?

■ ¿Por que se chama patrimonio cultural inmaterial a unha lingua?

■ ¿Tes idea dos famosos cantos «Hudhud» dos Ifugao? ¿Pódese salvar unha lingua se non se escribe e non cantamos nela?

> http://www.unesco.org/culture/ich_convention/index.php?lg=ES&pg=00047



VINAI DITHAJHON

O crucial don de xentes

As habilidades sociais son fundamentais para o éxito persoal, educativo e laboral

► Poñamos un caso: unha persoa tímida, á que lle custa moito relacionarse cos demais, quere aprender a superarse. Para conseguilo, o primeiro que ten que facer é adquirir algunhas habilidades sociais básicas, como iniciar unha conversación, manter a mirada ou pór unha voz máis firme. Iso é a intelixencia social. Pero ademais deberá revisar a súa autoestima, a súa falta de confianza ou as súas reaccións emocionais cando ten que falar en público. A isto chámasele intelixencia emocional. A diferenza entre unha e outra está na súa dimensión externa, no caso da primeira, ou na súa dimensión interna, no caso da segunda. Segundo algúns autores, como Howard Gardner ou Karl Albrecht, os dous tipos de intelixencia coexisten e explican mellor os patróns de comportamento do ser humano que se se toman de forma illada. En concreto, Albrecht establece cinco habilidades que compoñen a súa teoría sobre a intelixencia social:

1. Sensibilidade social. É a capacidade de interpretar o comportamento da xente, de predicir a súa forma de actuar e de comprender o seu estado de ánimo. É unha especie de *radar social*.

2. Presenza. É a aparencia dunha persoa en canto ao repertorio de sinais, verbais e non verbais, que emite: postura, calidade da voz, movementos, xestos, mirada, movemento das mans, sorriso...

3. Autenticidade. Os radares sociais da xente captan sinais do comportamento dos demais que lle informan de se son honestos, de fiar, boa xente... ou todo o contrario. Estes radares funcio-

nan desde os primeiros anos de vida.

4. Claridade. É a capacidade para expresarse, transmitir ideas con nitidez e precisión, de maneira que os demais capten a mensaxe.

5. Empatía. É a capacidade de conseguir un estado de conexión con outra persoa que xere a base para a interacción positiva e a cooperación.

A validez deste modelo, que o seu autor bautizou co nome de SPACE é, sen dúbida, discutible. Pero pode servir como punto de partida para reflexionar, por exemplo na hora de titoría, sobre a importancia de dominar as habilidades sociais para conseguir unha convivencia pacífica. O certo é que, na contorna escolar, a vida emocional e social queda relegada ao ámbito persoal ou familiar, coma se non estivese presente na aula. Pero estas capacidades son fundamentais para a vida. E, o mellor de todo, apréndense.

> Ana T. Jack
anatjack@edu.xunta.es



PINTO & CHINTO



O clásico metepatas

► «Este ten o don da oportunidade». Isto é o que dicimos, de forma irónica, ante as palabras inapropiadas dunha persoa que non se parou a pensar no efecto que pode ter sobre alguén que lle escoita. Esta falta de sensibilidade defínese Edward Hampton dunha forma moi explícita: «Hai xente que ten un don para dicir algo tan inapropiado, desconsiderado ou bruto que é equivalente social a eliminar gases na igrexa, nunha voda ou nun funeral. Eu chámolle flatulencia social».

Dominar os silencios

► Ás veces conséguense máis dicindo menos. Un vendedor habilidoso sabe cando debe deixar de falar para permitir que o cliente tome a súa decisión de comprar sen sentirse angustiado ou con presión. Tamén hai momentos nos que é interesante calar para obrigar á outra persoa a sacar todo o que leva dentro. Isto sábese ben o locutor de radio e televisión Jesús Quintero, famoso polos seus grandes e atrevidos silencios á hora de facer entrevistas. «Non fales a menos que poidas mellorar o silencio», podería ser o seu lema.

Guía do perfecto antipático

► Os chamados comportamentos tóxicos fan que os demais se sintan depreciados, furiosos, frustrados ou culpables. Pola contra, os comportamentos nutritivos provocan que os demais se sintan valorados, capaces, queridos e respectados. As persoas de elevada intelixencia social, que mostran condutas nutritivas, vólense atractivas, case magnéticas, para os demais. Xusto o contrario do que lles ocorre aos de intelixencia social baixa: os demais foxen da súa compañía como da peste. Calquera persoa normal, nun momento ou outro do día, pode experimentar reaccións de calquera dos dous tipos. Trátase de intentar, na medida do posible, aumentar as condutas máis construtivas e diminuír as máis destrutivas ou nocivas para a nosa saúde... e a dos demais.

COMPORTAMENTOS TÓXICOS	COMPORTAMENTOS NUTRITIVOS
Levar sempre a contraria.	Mostrarse de acordo cando é posible.
Queixarse en exceso, mostrarse indignado.	Achegar solucións.
Perder os nervios con facilidade.	Conservar a calma mesmo nas situacións tensas.
Lanzar indirectas.	Chancear de xeito construtivo.
Facer desaires non verbais.	Ofrecer apoio coa linguaxe non verbal (mirada, sorriso...).
Mostrarse condescendente ou paternal.	Tratar ao resto das persoas como a iguais.
Alardear, marcar diferenzas de status.	Ofrecer proximidade.
Monopolizar a conversación.	Compartir «a cota de pantalla».
Interromper aos demais con frecuencia.	Escoitar aos demais ata o final.
Atacar o criticar de forma agresiva ante os desacordos.	Confrontar ás opinións dos outros de forma construtiva.
Dar consellos aos demais sen que o pidan.	Ofrecer información e ideas.
Soltar ideas sen pensar.	Aprazar o xuízo, reflexionar os temas.
Ridiculizar.	Apoiar aos demais, simpatizar.
Evitar os cumpridos custe o que custe	Facer cumpridos sinceros cando xurda a ocasión.
Chancear en momentos inapropiados.	Utilizar o humor para eliminar tensión.

Cociñar é cousa de ciencia

A Domus invita aos nenos a experimentar na súa contorna máis próxima

Habitualmente estamos tan ocupados que non nos queda tempo para prestar atención ao mundo que nos rodea. Detente só un momento... observa, escoita, cheira, saborea... explora. A túa cociña, o parque, a praia, a túa bañeira, o campo. Descubrirás infinidade de cousas que pasaras por alto ata agora.

Esta é unha forma de entender como funciona o mundo. É explorar o que te rodea desde o punto de vista da ciencia. E podes facelo en moitos máis sitios dos que imaxinas. A cociña, por exemplo, é un sitio estupendo para facer experimentos. E ademais, ata podes chegar a saborear os resultados. Experimentar cun delicioso merengue ou transformar unha salchicha en momia son dúas propostas para abrir boca; o laboratorio, na cociña da túa casa.

As nove ferramentas do explorador

Se como seres explorar o mundo como un científico, estas son as ferramentas que necesitas:

1. Presta atención ao que habitualmente che pasa desapercibido. Andamos tan leados que non pomos demasiado interese no mundo que nos rodea. Detente un momento e observa... descubrirás infinidade de cousas nas que nunca repararas.

2. Compara. É un truco que che axudará a deterte e observar con atención. ¿Como son de diferentes dous obxectos? ¿Ou como son de iguais? Sorprenderaste máis dunha vez ao ver que existen diferenzas entre dúas cousas que ao principio parecían iguais.

3. Faite preguntas. Facerse preguntas e intentar responderlas é fundamental para explicar como funciona o mundo. Unha boa forma de comezar é empezando por preguntarte a ti mesmo que sucedería se...: ¿Que sucedería se lle boto máis vinagre ao merengue? ¿Que sucedería se poño a salchicha momificada na neveira?

4. Experimenta para comprobar as túas ideas. Tes unha pregunta. Agora hai que experimentar para buscar as posibles respostas. Iso si, hai un detalle moi importante. Cando fagas un experimento fai un cambio cada vez e observa que sucede. Se fas moitos cambios á vez non poderás saber a cal se debe a diferenza. Por exemplo, podes usar zume de laranxa en lugar de vinagre para facer o merengue. ¿En que se nota este cambio? ¿Móntase máis rápido? ¿Ou máis amodo?

5. Fai predicións. Cando fas

Un merengue ben feito deberá permanecer inamovible no seu recipiente, ata se o colocas boca abaixo



MARTINA MISER

A cociña é un lugar moi axeitado para facer experimentos que entendan os máis pequenos. É sinxelo converter este espazo da casa nun auténtico laboratorio onde os cativos aprendan como funcionan as investigacións dos grandes científicos da historia

unha predición, intentas supor que vai suceder a próxima vez que fagas o mesmo. Estás facendo unha suposición, pero con fundamento. É dicir, que fas as túas suposicións logo de experimentar e pensar sobre o que sucedeu previamente. Entón, tes unha idea sobre como funciona algo. Facer unha predición (e entón experimentar para ver que sucede) axudarache a saber se a túa idea é correcta.

6. Medir e contar. Ás veces, cando fas un experimento, obtés resultados que

podes medir. Por exemplo, podes medir como de alta é a torre que podes construír con merengue.

7. Toma nota dos teus descubrimentos. Chega un momento en que é necesario rexistrar o que vas observando, xa que a túa memoria non é suficiente. Podes

apuntar os datos que obtés, tomar notas do que observas, facer un gráfico...

8. Explica o que observas. Tiñas unha pregunta, experimentaches... agora toca pensar. É neste momento onde a experimentación ten moito en común co traballo dun detective. Ambos bus-

Torres de branco merengue

Para conseguir un bo merengue, primeiro hai que bater unhas cantas claras de ovo. E a continuación, experimentar. Un merengue ben feito permanecerá inamovible no seu recipiente, ata se o colocas boca abaixo. ¿Que tal se fas a proba pero... sobre a túa cabeza?

O que necesitas

- Dúas claras de ovo
- Un recipiente de cerámica, cristal, aceiro inoxidable ou cobre (o plástico pode dificultar que as claras acaden o punto de neve)
- Media culleradiña de vinagre branco
- Un batedor eléctrico ou manual
- Dous terzos dunha cunca de azucre
- Un cullerón

O que vas facer

1. Pon as claras na cunca e engade o vinagre

2. Bate as claras
3. Continúa batendo as claras ata que estean espumosas
4. Lentamente engade o azucre ás claras espumosas. Segue batendo ata que as claras formen picos suaves e brillantes.
5. Proba a ver se as claras están o bastante montadas como para pór a cunca sobre a túa cabeza?
6. E agora proba a facer unha torre de merengue. ¿Como de alta consigues que sexa?

Se intentas transformar a auga en espuma, non terás moito éxito. As burbullas na auga explotan rapidamente. Pero as burbullas que consigues que aparezan nas claras non explotan. Cando bates claras, as burbullas colócanse unhas xunto a outras formando unha rede que as mantén sen explotar.

Engadir un pouco de ácido, como o vinagre, axuda a que as burbullas se manteñan aínda mellor. A rede de burbullas,



RECETA ORI

Dúas claras

Media culle

Dous terzos de azucre e

Cunca non

¿Que sucede

Un estupen

cun pouco do, é o que

Seguimos exp
 ■ Os bos científicos tando. Experimentar pasaría se e ¿Que pasaría



KOPA

can as evidencias que lles achegan as probas e elaboran unha explicación que se basea nesas evidencias.

científicos non están de acordo coa explicación, e entón discuten os resultados, propoñen diferentes explicacións ou suxiren outros experimentos.

9. Comparte a túa experiencia. Os científicos comparten con outras persoas os seus descubrimentos. Falan con outros científicos. Ás veces, esoutros

Patricia Barciela
patricia@casaciencias.org

CAMBIO DE MERENGUE	CAMBIOS POSIBLES (FAI SÓ UN CAMBIO CADA VEZ)	NO MEU EXPERIMENTO UTILICEI...
	¿Engadir un pouquiño de xema? ¿Máis claras?	
Merengue de vinagre	¿Engadir máis vinagre? ¿Usar outro ácido? O zume de limón ou de laranxa son acedos	
Merengue dunha cunca engadido ao final	¿Engadir cacao? ¿Engadir azucre ao principio? ¿Engadir menos azucre? ¿Engadir máis azucre?	
Merengue de plástico	¿Usar unha cunca de plástico?	
¿Que sucede?		¿Que sucede?

do e espumoso merengue

de azucre engadido a forma o merengue.

Recordando

Os cocineiros e os bos cocineros gozan experimentando e experimentan para responder a preguntas como: ¿que sucede se engado máis azucre? ¿que sucede se engado cacao ás

claras? Ocorrésese algunha pregunta que empece por «¿Que pasaría si...?».

■ Temos a receita do merengue. Agora queremos conseguir facer a torre de merengue máis alta. Imos ver que pasaría se cambiásemos algunhas cousas.

■ Elixo unha cousa que che gustaría cambiar. Se elixes máis dunha

cousa, non saberías que cambio provoca a diferenza. Por exemplo, se decides engadir cacao, non engadas máis cantidade de azucre tamén. Proba só un cambio á vez.

■ Fai torres con cada tipo de merengue. ¿Con cal se consegue unha torre máis alta? ¿Cal mantén mellor a súa forma?



Vista exterior da Domus

Explora a Casa do Home

■ Cada fin de semana, os nenos de 5 a 10 anos poden achegarse á Domus para experimentar coa ciencia máis próxima. Ao longo do curso explorarán a cocíña, o cuarto de baño, o parque ou o campo, entre outros, utilizando as ferramentas básicas da ciencia. Sábados e domingos ás cinco da tarde, previa reserva de praza no teléfono 981189 840

Unha momia de andar por casa

Este é un experimento que utiliza ciencia moi, moi antiga. Trátase de pór en práctica un procedemento que coñecían moi ben no antigo Exipto. Vas fabricar unha momia, que non é máis que un corpo preservado, é dicir, que dura moitísimo tempo. No antigo Exipto se momificaba á xente. E agora ti, na túa cocíña, vas momificar... unha salchicha.

O que precisas

- Unha friameira máis longa, máis ancha e máis profunda que a salchicha
- Unha caixa grande (ou dúas pequenas) de bicarbonato sódico
- Unha báscula pequena (opcional)
- Unha salchicha de calquera tipo
- Papel e boli
- Unha regra
- Un anaco de cordel duns oito centímetros de longo

O que vas facer

1. Enche a friameira con cinco centímetros de profundidade de bicarbonato sódico.
2. Se tes unha báscula, pesa a túa salchicha. Se che apetece, podes bautizala, por aquilo de darlle a súa importancia. Anota o seu peso (en gramos).
3. Agora mide a lonxitude da túa futura momia (en centímetros).
4. Usa o anaco de cordel para medir o tamaño ao redor da salchicha. Este é o seu diámetro.
5. Toma notas do aspecto da salchicha para que poidas comparalo co aspecto que terá máis tarde.
6. Coloca a salchicha encima do bicarbonato da friameira e cúbrea con máis bicarbonato sódico. Asegúrate de que o bicarbonato ten uns cinco centímetros de profundidade por encima e aos lados da salchicha.
7. Coloca a túa futura momia nun sitio especial (pero non na neveira). Déixaa alí durante unha semana.
8. Unha semana despois, retira a salchicha do bicarbonato sódico. ¿Ten un aspecto distinto? ¿Como cheira? ¿Cal é a súa lonxitude? ¿Cal é o seu diámetro? Escribe as túas observacións.
9. Péssaa outra vez. ¿Gañou ou perdeu peso?
10. Tira o bicarbonato sódico vello e espera dez días máis.
11. Aos dez días retira a túa momia do bicarbonato sódico outra vez. ¿Que aspecto ten agora? ¿Transformouse nunha ríxida e correúda momia? Se é así durará moito, moito tempo. As momias exipcias teñen miles de anos.

¿Que sucede?

Os rechamantes cambios que experimenta a salchicha son o resultado directo da súa deshidratación, é dicir, que se lle está extraendo a auga.

Se deixases á salchicha exposta ao aire, sen bicarbonato sódico, transformárase en algo amofado e cun espantoso cheiro. Isto é o que sucede coa comida que non se garda na neveira: estrágase porque as bacterias e os fungos encárganse de transformala en algo podreído e amofado. As bacterias e os fungos necesitan auga para vivir. E o bicarbonato sódico encargouse de sacar a auga á salchicha. Sen auga non hai putrefacción.



Nunha salchicha pódese experimentar o procedemento da momificación, que foi utilizado no antigo Exipto

> PARA ALUMNOS DE ESO

¿Quen é o mellor xornalista xuvenil deste curso?

La Voz vén de convocar un concurso para descubrir novos valores do periodismo

O Programa Prensa-Escuela de La Voz de Galicia, desenvolvido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre en colaboración con Caixa Galicia, convoca o IV Premio Mellor Xornalista Infantil e Mellor Xornalista Xuvenil deste curso de acordo coas bases que publicamos neste suplemento a semana pasada e que podes ler na web do programa: www.prensaescuela.es. Hoxe imos falar da convocatoria que afecta aos alumnos de ESO. A semana que vén faremos o mesmo co concurso dirixido aos máis pequenos, nenos e nenas de infantil, primaria e educación especial.

¿Que é un xornalista? Unha persoa que difunde nos xornais, nas radios ou nas televisións (agora tamén en Internet) as noticias, e as noticias son as cousas que pasan. ¿E que fai sobre todo un xornalista? Falar coa xente, entrevistala, escoitala, tomar notas do que lle din, e logo escribir.

O malo é que xornalistas hai poucos, e aos rapaces non lles adoitan publicar as súas propias entrevistas.

Pero iso está a cambiar. ¿Queres facer unha entrevista? ¡Adiante! Por cuarto ano consecutivo, no programa Prensa-Escuela temos organizado un concurso para xornalistas novos, rapaces e rapazas da ESO. ¿E con premios? Si, con premios, pero, ademais de que iso sempre é interesante (isobre todo para os que gañan unha viaxe a Port Aventura ou un MP4!), o mellor é pasalo ben facendo esas entrevistas. ¿Tes dúbidas? Segue lendo a ver se as aclaramos.

As preguntas máis frecuentes

1. ¿Hai que ter algún requisito para participar? Si. Ser alumno da ESO en calquera centro galego, privado ou público, aprobaras o pasado trimestre ou non. Non pedimos as notas, pedimos ilusión, interese e traballo ben feito. Ti podes facelo.

2. ¿Podo entrevistar a quen me pete? Por suposto, sempre e cando sexa adulto, non val o compañeiro de clase nin a irmá pequena nin a noiva.

3. ¿O entrevistado ten que ser famoso e coñecido? Para nada de nada. Todas as persoas teñen cousas que dicir, e moi importantes. Fuxe do que fai todo o mundo. ¿Non hai na túa aldea unha persoa maior que ten unha vida que contar, como emigrante, como cesteiro, como defensor da



MARTINA MISER

Os alumnos interesados poden ler as bases do premio na web do programa Prensa-Escuela

democracia, como traballador ou como o que sexa? ¿E un policía na túa cidade, ou un hosteleiro que leva anos e anos no seu negocio vendo pasar milleiros de turistas? Seguro que si.

4. ¿Cantas preguntas teño que facer? As que che pete, pero os xornalistas facemos moitas, cantas máis mellor, aínda que logo non queda outro remedio que axustarnos a un espazo determinado e hai que cortar. Iso mesmo debes facer ti. As entrevistas que veñen con dúas ou tres preguntas e unhas repostas longuísimas o único que dan a quen as le é sono, porque hai que armarse dunha paciencia... As que, pola contra, teñen moitísimas preguntas e as respostas son «si, si, non, mañá, quizais» ou calquera cousa semellante non din nada. As preguntas teñen que ser breves, e as respostas, mellor entre dúas e sete liñas. Así terás unha entrevista áxil e doada de ler.

5. ¿Teño que preparar a entrevista? Home claro, como fago eu ou calquera dos meus colegas. Non podes chegar, sentar e pensar: «¿De que vou falar con esta muller?». Así que mellor na casa fas un guiñón de preguntas, e logo, sobre a marcha, se van saíndo máis cousas, pois mellor.

6. ¿Podemos facer a entrevista dous estudantes? Non. O traballo é de cada un,

non se trata de algo colectivo.

7. ¿Podo facer unha entrevista imaxinaria? Non, teñen que ser reais, auténticas. No xornalismo non está permitido inventar nada. Se un xornalista inventa, a súa empresa despídese e punto final. Ademais, debes de identificar ao entrevistado, non val poñer «Paco, pescador», senón o nome completo, o oficio, onde reside (non fai falla o enderezo), etc. Un exemplo: «María García, veciña da vila de Carral, artesá desde hai 50 anos e emigrante en Suíza».

8. ¿Como trato ao entrevistado? Mellor sempre de vostede, pero no concurso admitimos o tuteo.

9. ¿Dou algunha opinión miña ao comezo ou ao final? Non, ¿para que? A ningún lle interesa a túa opinión nin a de ningún xornalista. As opinións que interesan son as do entrevistado.

10. ¿Ten que levar unha foto? Claro, como todas as entrevistas. Ou a fas ou que cha dea o entrevistado.

11. ¿En que idioma a fago? En galego ou en español, que son os dous idiomas oficiais en Galicia.

> **Cristóbal Ramírez**

cristobal.ramirez@lavoz.es



¡Non esquezas a maqueta!



¿Maqueta? ¿Que é iso? Algo así como o molde onde vas a escribir a túa entrevista. ¿Hai que facela? Non, porque xa está feita. Vas a www.prensaescuela.es, picas á esquerda en Concursos e aí tes a invitación a baixar a maqueta (pica en Maqueta Mellor Xornalista Xuvenil). Gardas o documento. Cando o abras xa podes escribir sobre el e punto final. Obviamente, hai maqueta en español e en galego.

¿E os de infantil e primaria?

Tamén hai un concurso xornalístico para eles. A semana que vén daremos máis detalles, pero os profesores poden ir mirando a [web www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es), no botón Concursos. Así imos adiantando tempo.

Ollo, o tempo pasa

E aí si que somos inflexibles: o prazo remata o 30 de marzo. Nin un día máis, así que non hai que deixar as cousas para o final.

Algúns trucos para facer unha entrevista

Un xornalista non debe escribir sobre el mesmo nin sobre os seus trucos. Fagamos hoxe unha pequena excepción: fai coma min, que sempre que vou facer unha entrevista (ou sexa, case todos os días) cumpro este plan:

1. Entérome de quen é o entrevistado e busco algo da súa vida.
2. Fago unha relación de preguntas para non quedar-me de repente en branco nin perder a ocasión de falar de algo interesante.
3. Levo un magnetófono e gravo todo (non ten que

ser así, se cadra prefires facelo directamente a man).

4. Son moi respectuoso co entrevistado. Non está obrigado a falar comigo, nin a dicirme nada. Faino porque quere. As veces coincide co que di, e ás veces discrepo rotundamente, pero el nunca se dá conta porque eu non debato: son xornalista, así que escoito, anoto e escribo. A xente non ten que pensar coma min.

5. Cando chego a casa, escribo a entrevista. Se o deixo para mañá, ou para o domingo, as cousas se van da cabeza, perdes detalles e frescura, e a entrevista sae gris, fea e sen grana.



É moi importante levar unha gravadora para rexistrar o contido da entrevista

> A NOTICIA



JOHN STILLWELL

O rostro non só serve para realizar xestos que nos axudan a comunicarnos, tamén para falar no seu propio idioma, como o tradicional saúdo maorí da imaxe

A linguaxe do rostro

A cara é o noso principal recurso para comunicarnos cos demais

■ Nunha recente noticia, un grupo de científicos revelaba que o rostro dos seres humanos actuais cambiou o seu aspecto ao longo das últimas 30 xeracións. Os datos apuntan a que agora presentamos uns trazos máis suaves, pero unha fronte máis alta que a dos nosos antepasados de hai uns 650 anos.

As diferenzas son rechamantes, pero á hora da comunicación o noso rostro segue a ser basicamente o mesmo. O rostro humano dispón da musculatura máis complexa do reino animal. Por iso ningún animal no mundo ten unha expresividade facial tan variada. Despregamos un abanico enorme de expresións faciais únicas.

Unha interrogante cella arqueada, un nariz engurrado nun xesto de desagrado, un enteneceador aceno infantil, unha chiscadela cómplice... ou un sorriso, quizá a nosa expresión facial máis importante, e sen ningunha dúbida a máis irresistible.

Podemos chegar a mostrar unhas 7.000 expresións faciais, que poden ir e vir pola nosa cara a unha velocidade sorprendente, ata sen que sexamos conscientes delas. Algunhas, as chamadas microexpresións, aparecen fugazmente e poden permanecer



O rostro humano pode chegar a mostrar ata unhas sete mil expresións faciais

durante menos de 1/5 de segundo.

En boa medida, as nosas habilidades sociais dependen da nosa capacidade para ler os rostros da xente e intentar comprender os seus pensamentos e sentimentos internos, especialmente cando

ocultan algo ou non son sinceros.

¿A nosa linguaxe facial ten algo en común co do resto dos primates? Pois como sucede con moitas outras características humanas, si hai aspectos que compartimos cos nosos parentes. Por exemplo, ao enfadarnos, as nosas cellas baixan para engurrar o cello, tal como fan os outros primates. Ou, en momentos de pánico, levantamos as cellas ao máximo.

Nas disputas, os nosos beizos tamén seguen un patrón similar ao dos primates. Cando estamos listos para atacar, abrimos a boca verticalmente para emitir un fero gruñido, mostrando ao adversario só os nosos incisivos e caninos. As comisuras dos beizos adiántanse, ocultando os molares. En cambio, se estamos moi asustados, as comisuras dos beizos se retráense totalmente, expondo nosos molares nunha expresión de auténtico medo. Estes son algúns dos aspectos cos que revelamos os nosos vínculos cos parentes primates. Aínda que é certo que, como vimos, os humanos imos máis aló na sutileza e variedade das nosas expresións.


> **Patricia Barciela**
patricia@casaciencias.org

Anatomía dun sorriso

■ Así é a expresión facial máis importante dos seres humanos:

- cando é sincera abarca todo o rostro dunha persoa
- as fazulas levántanse
- os ollos engúrranse
- fórmanse patas de galo aos lados dos ollos e bolsas baixo eles
- as cellas baixan
- adoita ser moi simétrica.

Pon en marcha a túa faceta de psicólogo e observa como son os sorrisos que ves, por exemplo, no parque, no cole, en casa, na televisión, no súper, no museo...



Hai sorrisos moi diferentes: aquí os temos de políticos, deportistas e actores

Na Rede

■ **PARA ABRIR BOCA:** un artigo de Paul Ekman, un dos maiores expertos mundiais en linguaxe facial.

<http://www.elmundo.es/magazine/2004/264/1097864642.html>

■ **PARA PARTICIPAR:** diversos tests sobre linguaxe facial e linguaxe corporal deseñados por At-Bristol, o museo da ciencia de Bristol (Reino Unido).

<http://www.youramazingbrain.org.uk/testyourself/default.htm>

Os puntos clave

■ Existen uns cantos puntos clave nas caras das persoas que son os que mellor expresan os seus pensamentos e sentimentos. Son os ollos, a boca, as cellas e pálpebras, e o nariz.

Pero o contacto ocular é a base dunha boa comunicación entre persoas. Aínda que non é fácil dar coa medida adecuada. Se dura demasiado tempo pode significar agresividade ou atracción; e se é moi breve, pode indicar timidez, falsidade ou desagrado. Na maioría das nosas conversacións o contacto cos ollos da outra persoa vai e vén, con pausas frecuentes que nos sitúan nun termo medio.



Sos ollos son un dos puntos da cara cos que mellor se expresan os sentimentos das persoas

Tempo de cine para os máis pequenos

A Fundación Caixa Galicia busca espectadores a partir de catro anos

Os títulos máis actuais do cine infantil e os clásicos do xénero, ás veces tamén tan recomendable para adultos, veñen xuntarse na programación das *Tardes de leer* que a Fundación Caixa Galicia deseñou para espectadores a partir de catro anos. Ata o vindeiro 31 de marzo, a onda de cristal do Cantón, a sede da institución na Coruña, fará por tardes as veces de sala de proxeccións, para somerxer ao público en grandes aventuras de celuloide, tales como *A viaxe de Chihiro*. Nesta película, que acadou unha boa presa de premios, entre eles o Oscar ao mellor filme de animación, acompañamos nas súas andanzas a unha nena que se atopa de súpeto nun mundo habitado por seres máxicos, baixo o dominio dunha malvada feiticeira. Nese mundo, no que acontecen feitos increíbles, Chihiro deberá deixar de ser a moza caprichosa e preguiceira que era para poder sobrevivir.

Antes deste filme, que se ofrecerá o 10 de marzo, proxectáronse xa na sede da Fundación Caixa Galicia as cintas *Piratas*, historia de aventuras mariñas que supuxo un xiro radical na filmografía do realizador Roman Polanski, e *Os Goonies*, na que Richard Donner dirixe un relato de Steven Spielberg convertido en éxito nos anos oitenta e xa todo un clásico do cine de aventuras. Proximamente, ofreceranse outras cinco historias: *O segredo da Pirámide*, o día 24 deste mes, daranos a oportunidade de ver en acción a un



En «A película de Tigger» pódense ver as aventuras de Winnie the Pooh e mais os seus amigos


novísimo Sherlock Holmes. O popular detective debe resolver, co apoio do seu incondicional Watson, o caso dunha arrepiente ondada de asasinatos que se están a perpetrar en Londres.

A película de *Tigger* (3 de marzo) é o resultado do traballo de máis de trescentos artistas, técnicos e animadores para levar á pantalla grande a historia de Winnie the Pooh e mais os seus amigos no Bosque dos Cen Acres. E dun oso a un can: *Balto* (17 de marzo) dá conta da proeza real dun animal, mestura de husky e lobo, que se converteu en lenda e quedou inmorta-

lizado nunha estatua en Central Park, o pulmón verde de Manhattan. Completan este ciclo *Vuk* (24 de marzo), a historia dun raposo que aprende a confrontarse á vida, e *Benvidos a Belleville*, un filme no que Champion pasa de ser un neno feliz enriba dunha bici a converterse nun digno participante do Tour de Francia.

Todas as pelis, ás 18.00 horas, para encher a tarde coa maxia do cine.

> Ana Abelenda
ana.abelenda@lavoz.es



> MÁIS PROPOSTAS

Ademais do ciclo de cine «Tardes de leer: Aventuras, bosques e piratas», a Fundación Caixa Galicia está desenvolvendo os sábados varios talleres dirixidos aos rapaces.

«Paisaxes!»

Os sábados de 12.00 a 13.30, os nenos a partir de cinco anos poden participar neste obradoiro, no que aprenderán a elaborar orixinais paisaxes empregando materiais moi sinxelos. O taller terá lugar os días 3 de marzo e 14 de abril.

«A maxia da luz»

O 10 e o 31 de marzo e o 21 de abril, a proposta da Fundación Caixa Galicia para os pequenos será a de animais a experimentar cos misterios da luz e a fotografía.

«Animais para unha colección»

O 24 de febreiro, o 17 de marzo, e o 7 e o 28 de abril, terase a oportunidade de ver como os animais saen de cadros e esculturas para achegarmonos as súas historias.

As familias interesadas en reservar praza poden facelo chamando á sede da Fundación Caixa Galicia na Coruña (981 185 060).



Fundación Caixa Galicia, a través do Servizo Educativo, ofrécelle á comunidade escolar visitas ás nosas exposicións e actividades centradas na historia e na arquitectura das nosas sedes da Coruña, Ferrol e Pontevedra. E para nenos, obradoiros de artes plásticas que celebraremos cada sábado.

Agardamos a vosa visita

Descarga a axenda en www.fundacioncaixagalicia.org

actividades
Para escolares
Para familias

febreiro-marzo 2007

nas Sedes de Fundación Caixa Galicia

A CORUÑA · SANTIAGO · FERROL · LUGO · PONTEVEDRA · VIGO

FUNDACION CAIXA GALICIA